

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALLEGA DE BANCOS DE ALIMENTOS (FEGABAN) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á CAPTACIÓN, ALMACENAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS ÁS INSTITUCIÓNS ASISTENCIAIS OU BENÉFICAS NO EXERCICIO 2020

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 98/2018, do 26 setembro, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte:

Don José Pita Chento, con DNI 33199205Q, representante legal da Federación Gallega de Bancos de Alimentos (en adiante FEGABAN), con NIF G32375115, actuando en nome e representación da entidade, como se acredita na escritura de poder especial outorgada en Lugo o 6 de xullo de 2018 pola presidenta da xunta directiva da entidade, dona Amadora Núñez Mera, ante o notario don Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias, co número 2462 do seu protocolo.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto.



MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que FEGABAN é unha entidade sen ánimo de lucro constituída mediante acta fundacional privada subscrita en Ourense o 17 de xullo de 2007 como federación de distintos bancos de alimentos que actúan na nosa comunidade, que se atopa inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5847, na área de inclusión social, e téñen como fins, entre outros, os seguintes:

- a) Coordinar as actividades dos bancos de alimentos membros da federación, para o cumprimento dos seus fins propios.
- b) Potenciar os vínculos de unión entre os distintos bancos de alimentos co fin de manter contactos e intercambiar información sobre as súas respectivas actividades.
- c) Tratar de que cada un dos bancos de alimentos membros da federación desenvolvan ao máximo os fins previstos nos seus estatutos.

SEGUNDO: Que para a consecución dos ditos fins lévanse a cabo as seguintes actividades:

- a) Representar aos bancos de alimentos federados ante toda clase de organismos públicos e privados do ámbito da comunidade autonómica, estatal ou internacional, así como facilitar as relacións e a colaboración entre eles.
- b) Prestar aos seus membros todos os servizos que, a xuízo da federación, poidan axudarlles a alcanzar os seus fins fundacionais e o desenvolvemento das súas actividades, incluíndose aquí todo tipo de axudas tanto de índole económica como material, humana e de carácter legal.
- c) Promocionar a figura dos bancos de alimentos en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, auspiciando a súa creación por todos os medios posibles como prensa, radio, TV, campañas publicitarias, etc., perseguindo así un crecemento estable e a súa prolongación no tempo.
- d) Canalizar e distribuír aos federados as axudas globais que, en alimentos ou en forma de subvención, proveñan de calquera administración de carácter autonómico, nacional ou internacional.
- e) Colaborar á solución dos problemas de marxinación, paro e pobreza mediante a captación, almacenamento e distribución gratuíta de excedentes de alimentos ou outros artigos de primeira necesidade a centros asistenciais e persoas necesitadas, e mediante calquera outras accións asistenciais relacionadas que as circunstancias esixan.

TERCEIRO: Que a Consellería de Política Social, de conformidade co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, é o órgano que ten asumidas as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo servizos comunitarios, as políticas de inclusión social e en favor da poboación inmigrante que lle corresponden á Xunta de Galicia.



CUARTO: Que no exercicio destas competencias considérase adecuado desenvolver unha liña de colaboración a través da subscrición dun convenio con FEGABAN, para facer posible o desenvolvemento das actuacións tendentes á captación e distribución de alimentos entre as entidades que constitúen a devandita federación e outras institucións de carácter benéfico ou asistencial, pois a colaboración no mantemento destes servizos cumpre, indubidablemente, unha función de interese social ou humanitaria en consonancia co establecido no artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais para Galicia.

A concesión directa da axuda prevista neste convenio xustifícase por estar recollida nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de acordo co establecido do artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto e contido

É obxecto deste convenio a colaboración entre a Consellería de Política Social e FEGABAN para a realización, por parte desta última, dunha serie de actuacións encamiñadas á captación, almacenamento e distribución de alimentos ás institucións asistenciais ou benéficas legalmente constituídas con esa finalidade.

A colaboración regulada neste convenio centrarase no financiamento da actividade de captación e reparto de alimentos ás institucións ou entidades benéficas, que, en último termo, fan posible que as persoas poidan satisfacer as súas necesidades alimenticias básicas.

Con esta finalidade, FEGABAN realiza un seguimento continuo das entidades ás que se lles reparten alimentos comprobando, en todo momento, que son sociais e asistenciais, sen ánimo de lucro ou benéficas, e que levan a cabo un proxecto de intervención social con calquera colectivo en risco de exclusión social. Estas entidades benéficas poden ser de consumo (comedores sociais, asilos, centros asistenciais e outras) e de reparto (cáritas, parroquias, e outras).

SEGUNDA. Obrigas da Federación Gallega de Bancos de Alimentos

A Federación Gallega de Bancos de Alimentos asume as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en especial, acepta os seguintes compromisos como consecuencia da sinatura deste convenio:

- a) Realizar as accións derivadas do obxecto do convenio.
- b) Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula cuarta deste convenio.



- c) Cumprir os requisitos e non atoparse incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Acreditar documentalmente, antes da sinatura do convenio e do pagamento, no caso de oporse expresamente á consulta pola Administración, o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e o non ter pendentes débedas coa Comunidade Autónoma nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- e) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Facilitar as actuacións de comprobación e subministrar a información, requirida pola Consellería de Política Social, a través do órgano directivo competente en materia de inclusión social, encargado da xestión do convenio, e do órgano competente en materia de inspección nas áreas de servizos comunitarios e inclusión social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Para os efectos de comprobación administrativa, a sede de FEGABAN está situada en Santiago de Compostela, na rúa Ildefonso Sánchez Mera núm. 4 baixo, e todas as peticións de documentación deberán dirixirse a este enderezo para acadar a maior operatividade.
- g) Informar á Consellería de Política Social, a través do órgano directivo competente en materia de inclusión social, do funcionamento das actuacións obxecto do convenio.
- h) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das accións, así como os instrumentos xustificativos do gasto á Lei 9/2007, do 13 de xuño e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- i) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de subvencións de Galicia. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia así como en lendas alusiva ao financiamento público do programa en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación co programa subvencionado.
- j) Levar un arquivo e custodia, durante polo menos cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das accións obxecto deste convenio. En particular, FEGABAN comprométese a achegar inescusablemente nun prazo de dez días cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social, a través do órgano directivo competente en materia de inclusión social.
- k) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- l) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.



TERCEIRA. Orzamento

A concesión das subvencións reguladas neste convenio terá como límite global o crédito asignado para estes fins na Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, na aplicación 2020.13.03.312A.481.2, polo importe global de SESENTA E SETE MIL NOVECENTOS OITENTA EUROS (67.980,00 €), sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia das modificacións orzamentarias.

CUARTA. Gastos subvencionables

A condición de imputable do gasto deriva do cumprimento dos seguintes requisitos: que sexa un gasto directo da acción; que de xeito indubidable responda á natureza do programa subvencionado; que sexa axeitado aos obxectivos da medida á que pertence; que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable e que se realice dentro do período establecido; que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria dentro do prazo de xustificación, agás que se trate de gastos correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos da acción liquidables con posterioridade a esta data; neste caso, o período subvencionable excede do prazo de xustificación e abrangue ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio en que se establece a axuda.

Poderán financiarse con cargo a este convenio gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade como:

- a) Gastos de persoal.
- b) Aluguer (incluídos gastos de comunidade).
- c) Combustible e outros gastos de desprazamento.
- d) Seguros de vehículos, de voluntarios e de locais.
- e) Material de oficina non inventariable.
- f) Material de reposto de máquinas, instalacións e equipos.
- g) Teléfono e enerxía eléctrica.
- h) Gastos de publicidade, sensibilización, consultoría, formación e asesoría externa.
- i) Outros gastos de similar natureza.

Estes gastos serán subvencionados coa condición de que correspondan a custos reais de execución da actividade financiada polo convenio e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

Non se poderán financiar os gastos que supoñan calquera tipo de investimento en bens inventariables.

QUINTA. Forma de xustificación e pagamento



1. Respecto da forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 8/2017, do 26 de decembro, ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. O pagamento efectuarase previa presentación dos documentos xustificativos de gasto que permitan acreditar o cumprimento do obxecto do convenio.
3. A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009 é o 14 de decembro de 2020. Non obstante, o órgano xestor do convenio poderá esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade e en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de pechamento do exercicio 2020.
4. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación, acreditándose este pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola entidade beneficiaria.
5. O pagamento poderá facerse efectivo mediante libramentos parciais a conta da liquidación definitiva, ata o 80% da contía total concedida, a medida en que FEGABAN xustifique os gastos realizados e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, así como a aplicación dos fondos destinados para estes efectos. Estes libramentos parciais quedarán exonerados da constitución de garantías previstas no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por estar incluídos no suposto recollido no apartado f) do artigo 65.4.

SEXTA. Documentación para xustificar as axudas

1. A xustificación dos libramentos parciais mencionados na cláusula anterior realizarase mediante a presentación de:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación da persoa acreedora e do documento xustificativo do gasto, o seu importe, a data de emisión e, se é o caso, a data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - c) Nóminas do persoal responsable das actuacións e os xustificantes de pagamento das cotas da Seguridade Social e do IRPF, así como o número e datos das e dos traballadores que van ser responsables da fase subvencionada, así como as substitucións ou rotacións que se produzan, que deberán ser comunicadas nun prazo de dez días a contar desde a data na que teñan lugar.
 - d) Relación das persoas xurídicas usuarias do programa.



2. Antes de facer efectivo o 20% restante, FEGABAN deberá presentar a seguinte conta xustificativa:
- a) Memoria de resultados que recolla as actuacións realizadas obxecto deste convenio.
 - b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà os mesmos elementos descritos no apartado dedicado aos libramentos parciais e ademais estes outros:
 - 1º Balance en que se reflicta a totalidade dos ingresos e gastos correspondentes á actividade obxecto do convenio.
 - 2º Declaración que conteña unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - 3º Declaración responsable que acredite a finalización das actividades programadas.

SÉTIMA. Obtención doutras axudas

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a celebración deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación das condicións establecidas neste convenio.
2. O importe da subvención non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos doutras administracións públicas supere o custo das accións derivadas do convenio. Como regra xeral, permítese a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custe total do programa.

OITAVA. Comisión de seguimento

Créase unha Comisión Mixta paritaria para a avaliación e seguimento das accións estipuladas, que estará integrada por dúas persoas en representación do órgano directivo competente en materia de inclusión social da Consellería de Política Social e dúas persoas en representación de FEGABAN, e cuxa presidencia e secretaría recaerán, respectivamente, nas persoas representantes do citado órgano directivo.

As persoas titulares da presidencia, da secretaría e as demais persoas que integran a comisión poderán ser suplidas temporalmente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, polas persoas que designe o órgano competente para o nomeamento daquelas.

O seu réxime xurídico estará regulado pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



A Comisión Mixta velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e resolverá os problemas de interpretación do convenio que poidan xurdir.

NOVENA. Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o seu obxecto, de maneira que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, ni directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA. Duración

A vixencia deste convenio estenderase desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2020.

Non obstante, financiaranse os gastos que cumpran as condicións indicadas na cláusula cuarta deste convenio, realizados dende o 1 de xaneiro do actual exercicio.

DÉCIMO PRIMEIRA. Causas de resolución e reintegro

1. Serán causas de resolución deste convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos de acordo coa normativa vixente:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordara a súa prórroga.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora, un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable da comisión de seguimento do convenio.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a existencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio, sen que isto xere dereito a indemnización.

- d) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos do que motivaron a súa concesión.
- e) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, ou a falsidade de datos achegados para esta fin.
- f) Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.



2. Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEGUNDA. Carácter administrativo do convenio

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no non previsto aplicaráselle os principios contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse. Así mesmo, rexeráse tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. Cuestións litixiosas

1. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
2. Contra estes acordos cabe interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderá interporse directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA. Transparencia e publicidade

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.



As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Como beneficiaria de subvención ao abeiro deste convenio, FEGABAN obrígase a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para que esta última poida cumprir coas obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

DÉCIMO QUINTA. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recabados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativo a unha materia. Especificamente os datos serán comunicados ao órgano responsable da BDNS, a Intervención Xeral da Administración do Estado, coa finalidade da promoción da transparencia, a planificación das políticas públicas, a xestión e colaboración na loita contra o fraude de subvencións e axudas públicas.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e de subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 xeral de protección de datos.





E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano e rubrícano, por triplicado, no lugar e na data indicados na cabeceira.

A conselleira de Política Social
Fabiola García Martínez

O presidente de FEGABAN
José Pita Chento

